

## **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL INTENSIVA DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN LABORATORIO CLÍNICO E BIOMÉDICO**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde asinaron o 04.03.2026 o acordo arriba referido. O acordo entrou en vigor na data da súa sinatura e ten unha vixencia ata a finalización do proxecto. Non entanto, as partes acordaron que os seus efectos sexan retroactivos dende o 1 de setembro de 2025, consonte co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer ás condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da formación en empresa, en centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, polo alumnado do centro educativo CIFP Ánxel Casal - Monte Alto que curse o título de Técnico/a Superior en Laboratorio clínico e biomédico. Todo iso no marco do previsto na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, que establece no artigo 3.1.g) que o sistema de formación profesional se desenvolve, entre outros, conforme o principio de participación das empresas e os axentes económicos e sociais no deseño, no desenvolvemento, e avaliación e innovación da formación profesional, asegurando o circuíto de transferencia de coñecemento formación-empresa e o interese público; e no artigo 3.1.b) do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

As concrecións deste proxecto de formación profesional dual para a ensinanza de Técnico/a Superior en Laboratorio clínico e biomédico (distribución da formación curricular da ensinanza e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no plan de formación que se anexa ao acordo asinado.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a acoller nas súas instalacións un máximo de 22 alumnos e alumnas, para este proxecto de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O Servizo Galego de Saúde colaborará coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade das persoas candidatas en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado no dito organismo autónomo ao longo do proxecto. O Servizo Galego de Saúde comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal do Servizo Galego de Saúde xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que o organismo autónomo se compromete a acoller nas súas instalacións.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Con data do 17 de xaneiro de 2024, asínase un Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Sanidade para impulsar e potenciar a formación profesional no ámbito sanitario.

O obxecto deste acordo, recollido na cláusula primeira, é "*establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Sanidade para a potenciación da formación profesional no ámbito sanitario.*".

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional especifica no seu artigo 3.1.g) que o sistema de formación profesional se desenvolve, entre outros, conforme o principio de participación das empresas e dos axentes económicos e sociais no deseño, no desenvolvemento, na avaliación e na innovación da formación profesional, asegurando o circuíto de transferencia de coñecemento formación-empresa e o interese público.

Por outra banda, no seu artigo 6 establece os obxectivos do Sistema de Formación Profesional, entre os cales figuran:

- a) A posta a disposición das empresas e dos sectores produtivos dos perfís profesionais necesarios en cada momento, tendo en conta o carácter determinante, para a competitividade das empresas, da cualificación das persoas traballadoras, a súa flexibilidade, a rapidez de adaptación, a polivalencia e a transversalidade.
- b) O impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo nun marco de colaboración público-privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e terceiro sector, para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da fenda entre o urbano e o rural a través dunha



adecuada adaptación territorial, e o uso eficaz dos recursos en contornas formativas e profesionais.

O Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A complexidade organizativa, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita a estudantes de diversos graos de formación sanitaria dual sanitarios e non sanitarios, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

No artigo 126 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, relativo á "*Colaboración en materia de educación e sanidade*", entre outros, dise que os centros de formación profesional da rama sanitaria contarán con centros asistenciais concertados, segundo as necesidades das distintas especialidades e de acordo con as necesidades organizativas do Sistema Público de Saúde de Galicia (apartado 3) e que as Consellerías competentes en materia de educación e sanidade promoverán a revisión e mellora continuada dos programas docentes dos ensinos relacionados coas ciencias da saúde, ao obxecto de conseguir a mellor adecuación da formación dos profesionais e as necesidades do Sistema Público de Saúde de Galicia. (apartado 4).

O 12 de marzo de 2025 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para a implantación do primeiro sistema de FP Dual de Técnico/a Superior en Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear, para os cursos 2025 e 2026.

Vista a gran acollida tanto entre os estudantes como entre os profesionais da devandita formación, e de acordo coas dúas partes asinantes do acordo, considerouse oportuno para o curso 2026-2027 engadir unha nova rama de FP Dual. Concretamente a de Técnico/a superior en laboratorio clínico e biomédico, encamiñada a que os estudantes teñan relación directa coas novas tecnoloxías.



O Acordo establece un procedemento que permite acreditar as competencias profesionais adquiridas, a colaboración do Servizo Galego de Saúde na formación e na actualización do profesorado, así como o desenvolvemento de proxectos de innovación.

Baseándose na parte expositiva do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, co acordo asinado cúmprese o obxecto da cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas do sector sanitario.

Para o financiamento dos gastos derivados deste acordo preveuse un crédito de trescentos setenta mil douscentos trinta e nove euros con noventa e un céntimos (370.239,91 €), dos que cento vinte mil douscentos vinte e tres euros con vinte e seis céntimos (120.223,26 €) financiaranse con cargo aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2026 e douscentos cincuenta mil dezaseis euros con sesenta e cinco céntimos (250.016,65 €) financiaranse con cargo á partida orzamentaria que corresponda dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2027, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado e suficiente nos ditos orzamentos.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

